

ENTREVISTA: La actriz y cantante Nuria Fergó responde en directo a los lectores

farodevigo.es » **Sociedad y Cultura**

Agustín Fernández Paz - Premio Nacional de Literatura Infantil


"Faríanme falta varias vidas para relatar as historias que quero"

Paz retrata a dor dunha nena inmigrante na súa última obra

☆☆☆☆☆

✉ 📄 T+ T-

MAR MATO - VIGO Tralo éxito de O único que queda é o amor, Premio Nacional de Literatura Infantil e Juvenil 2008, Agustín Fernández Paz retornou á súa liturxia de papeis amarelos para escribir. Desta vez, unha nena de dez anos vida de Senegal a Vigo e de nome Khoedi plantexa a dor do desarraigo dos inmigrantes en Galicia, o espazo que ela e outros personaxes califican como "o país das ausencias". A escasas horas de ser homenaxeado como "O escritor na súa terra" pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, Fernández Paz profundiza sobre a súa última obra, Lúa de Senegal (editado por Xerais e que conta con belísimas ilustracións de Marina Seoane).



Agustín Fernández Paz coa súa última obra. Carmen Giménez

–Lúa do Senegal, un título ao que se fai referencia case en cada páxina do libro e mesmo no ritmo de narración.

–É un título que me veu pronto á cabeza cando me metín na historia. Á protagonista, cando chega a Vigo, todo lle parece distinto. O único que recoñece como igual é a lúa que brilla pola noite; ese é o leitmotif que marca paso de tempo. A lúa serve de conexión coa realidade que deixou e a que se atopou. Ademais, a lúa marca tamén o ritmo da narración ao seguir as súas fases tomadas de tres meses do ano pasado.

–Onde comezou a tirar do fio para esta obra?

– Os libros case nunca xorden dun único fio. Recordo do meu caderno de notas a primeira imaxe que anotei sobre un emigrante, non sei de que nacionalidade, de pel negra, traballando no andamio dunha obra. Chamoume a atención. Había tempo que quería abordar o tema da inmigración e apeteciame contalo en forma de historia. Todo acabou plasmándose neste libro.

–Á parte dese obreiro, houbo outros africanos que lle serviron de luz para a narración?

– Non cheguei a coñecer a ningún porque, en realidade, a documentación que conseguín foi amplísima a partir de libros e recortes de prensa que me foron suficientes. Eu o que quería contar realmente era o tema da emigración e escollin Senegal porque parecía atractivo. Tamén falei cunha profesora que estivo cunha ONG na zona e que me deixou ver centos de fotos.

–Conseguir o Premio Nacional de Literatura Infantil supón un listón alto que acaba pesando á hora de crear...

–Non. A novela é unha carreira na que sempre che pesan as careiras que fixeches antes. Escribir un libro é un novo reto, non inflúen os libros anteriores nin sentes ese peso.. Si sentes unha seguridade que é relativa. Esta novela acabou quedando do meu gusto, pero deume quebaradeiros de cabeza.

– O medo ao folio en branco, ¿existe para vostede?

–No meu caso, faríanme falta varias vidas para contar as historias que quero contar. O gran traballo é que as cousas nunca saen á primeira. Chegar á escritura que eu fago, na que busco que o lector se meta nela con sinxeleza, esixe moitos borradores. O medo é cando na primeira redacción ves cousas que están moi verdes e tes que traballalas unha e outra vez, o que finalmente leva meses.

– Falemos de creación. Vostede, como Isabel Allende, elixe un día do ano para iniciar as súas obras e segue unha liturxia determinada?

–Máis ca unha liturxia son manías. O borrador cero sempre o fago a man; sempre o fago en cadernos de follas amarelas. É unha teima, unha superstición. Atópome a gusto neses cadernos de follas especiais; escribo máis a gusto neles. É algo irracional.

– Que opina de fenómenos literarios como Millennium?

–Vexo cousas diferentes. Por un lado, espero tela eu porque sígoo desde o primeiro volume e porque son un afeccionado á novela negra. Lino case sen parar cando aínda estaba lonxe o efecto mediático que chegou despois. Ese efecto sucede a veces; sabes que non sempre é paralelo ás virtudes do libro, pero no caso das obras de Stieg Larsson, paréceme estupendo.

– Este tipo de fenómenos vivese con máis cautela cos autores españois.

–Algunhas veces, hai libros que se promocionan que non chegan a nada ou practicamente nada. Son libros baleiros; pero cando se xunta promoción e un texto de calidade é obvio que ten o éxito e merecido.

COMPARTIR



✉ ENVIAR PÁGINA »

🖨 IMPRIMIR PÁGINA »

T+ AUMENTAR TEXTO »

T- REDUCIR TEXTO »

¿qué es esto?

HEMEROTECA

Volver a la Edición Actual

viviendapontevedra.com

Operación	Tipo de inmueble	Provincia
comprar alquilar	viviendas obra nueva habitación oficinas locales o naves garajes	menorca murcia navarra ourense palencia pontevedra


Anúnciese gratis

Buscar

El portal inmobiliario de farodevigo.es

Opinión ciudadana
tu espacio para expresarte

¿QUIERES...? Exponer una queja, dar tu opinión, hablar de tu barrio...
Pincha aquí



ENCUESTAS DE ACTUALIDAD

¿Considera que debe ampliarse la dotación judicial en Vigo para evitar los atascos de sentencias?

- Sí
- No

Votar »

RESULTADOS ACTUALES

Sí	95%
No	5%

¿Debe compensar el Concello al pequeño comercio afectado por las obras de humanización?

- Sí
- No

Votar »

RESULTADOS ACTUALES

Sí	58%
No	42%

Ver más encuestas »